
CAPÍTULO I

*Desde o cume máis alto da máis alta montaña
outei arredor
con ollos de aguia ata a raia do horizonte máis
afastado,
e só vin
inmensos desertos de area e soidade
e milagrosos vales de verde herba cruzados por
ríos mansos,
cidades de homes sementadas á intemperie
e máis montañas, espaxadas como dragóns
durmidos.
O que nunca vin, amor, e ese é o meu anhelado,
é o mar do que falan os viaxeiros nas súas
crónicas
e os poetas nos seus versos.
Falan del coma se fose
unha inmensa chaira de auga e soidade
con milagrosas illas de verde herba cruzadas
por ventos inclementes
e barcos cargados de homes á intemperie,
e máis auga, espaxada coma unha pantasma
inqueda.*

*Ás veces pregúntome, amor, se ese mar do que
falan
non é só unha ilusión para fuxir dunha realidade
que nos atorda.
Pero quero coñecelo igual e levarte algún día a
navegar
entre as ribeiras da túa alma e da miña alma.*

A ÚLTIMA vez que vin a Khaled foi no cálido amencer do día 28 de maio de 2006 fronte á entrada da súa granxa nos arredores de Masiwa, onde o fora visitar. Acompañoume ao coche e, tras asegurarse de que ninguén nos observaba, deume un bico moi suave na fronte e outro na meixela. Abriu a porta do auto e axudoume a subir.

—Assalam Alaykum, Khaled.

—Alaykum Assalam, Amrah.

Coa ventaíña aberta, aínda gocei do franco sorriso co que quixo darme a súa bendición e os mellores desexos de felicidade no matrimonio que estaba a piques de contraer. Acaso deixei que algunha bágoa esvarase pola miña meixela, mais non logro acordarme. As sensacións aínda vivas da noite de amor que viñamos de compartir e o seu fermoso rostro adolescente eran o único que ocupaba a miña cabeza nese intre de despedida que non podía crer que fose para sempre.

Era o comezo do bo tempo primaveral. Eu tiña daquela dezasete anos, faría os dezaioito en outubro.

E sería nos últimos días dese mes, coincidindo co final do Ramadán, cando casaría co meu prometido, o xuíz de gobernación Jemaa Lefta.

Sucedían graves acontecementos naquelas semanas, dentro do pesadelo en que viviamos instalados desde que se producira a invasión de Iraq polos exércitos norteamericano e británico en 2003. O anuncio, tantas veces postergado, de organizar unha asemblea constituínte formada por iraquís de recoñecido prestixio con vistas á convocatoria de eleccións provocara un ruidoso movemento de agrupacións políticas e relixiosas interesadas en asegurar un bo sitio na futura roda de dirixentes do país: as forzas ocupantes loitaban con teimosía para que na asemblea figurasen persoas permeábeis á súa influencia, mentres que, na súa contra, presentaban batalla desde todas as fronteiras demócratas nacionalistas, clérigos radicais e xerarcas sobreviventes do antigo réxime.

Nese contexto político, tamén o meu pai, Dimas Ber al-Halabí, desenvolvía unha actividade febril para, dunha banda, consolidar a posición da compañía que dirixía, Al-Miná, importadora de subministracións eléctricas, e, da outra, atender os numerosos requirimentos que lle chegaban de parte de empresas foráneas para estender as súas redes comerciais polo país. A compañía Al-Miná creárase en 2001 en colaboración cun importante socio que á vez era o meu prometido, o xuíz Jemaa Lefta; coa evolución da posguerra, multiplicara a súa actividade coa apertura de sucursais destinadas a dar abastecemento, practicamente en réxime de exclusiva, ás numerosas obras emprendidas na rexión, en especial as novas infraestruturas que darían saída ao noso petróleo

kirkukí dentro das relacións estratéxicas establecidas tras a guerra. Ao mesmo tempo, ambos os dous socios obtiñan suculentos beneficios como enlaces solícitos entre poderosos investidores estranxeiros e as autoridades provinciais e locais. Ademais dos pozos petrolíferos, entraban en proxecto as grandes obras de reconstrución das nosas cidades, devastadas pola guerra e os anos de bloqueo aos que estivera sometido o país na época de Saddam Hussein. As empresas beneficiadas con eses contratos, na súa maioría procedentes dos Estados Unidos e Inglaterra e, en menor medida, do resto dos Estados que apoiaran a invasión, comezaban a instalarse para faceren estradas, levantaren edificacións e dotarnos de servizos de todo tipo; asemade, entre os seus plans figuraba aproveitar o momento para estender os seus tentáculos e crear novos mercados dentro do mundo que eles chamaban o Oriente Medio. Deste xeito, o meu pai entrara con forza a formar parte da nova clase podente emerxida dos negocios vinculados á guerra, clase que estaba a substituír a aristocracia anteriormente beneficiada polo ditador Saddam. O seu socio, Jemaa Lefta, desde o influente cargo de xuíz da gobernación provincial de At Tamim, facía o papel de ariete contra o muro da burocracia administrativa para achandarlles o camiño aos investidores estranxeiros; porén, non perdía a ocasión de repartir favores entre os empresarios iraquís que medraban á súa sombra. E no medio da sociedade que formaban ambos os dous, achábame eu, filla dun e futura esposa do outro, como unha especie de selo de unión que ía máis alá da formalidade dos documentos e dos intereses económicos.

A noticia do compromiso chegárame en 2003, contando eu con catorce anos, cando viviamos nunha aldeíña do norte de Iraq chamada Qhissa Hanni na que o meu pai exercía de alcalde. Era a época da invasión, cando as bombas asolaban o país e os mortos inzaban as rúas e os campos. Dimas Ber, que era de orixe siria, enrolárase na milicia de Saddam xunto con tantos outros mozos para combater contra o invasor. Pero cando se empezou a enxergar o signo que tomaba a guerra, renunciou ás conviccións patrióticas e deixouse guiar polo sentido práctico, o que o levou a introducirse nos círculos dos que se anunciaban como vencedores da contenda. Un dos pasos que deu daquela foi selar a súa alianza con Jemaa Lefta, un avogado que forxara a súa carreira na oposición a Saddam Hussein e que se anunciaba como un hábil e prometedor político. Dentro dese pacto entraba o ofrecemento da miña man; segundo puiden saber despois a través da miña nai, Dimas Ber presentoume como unha moza intelixente e unha gran beleza que sen dúbida lle proporcionaría a Jemaa brillo dentro da nova alta sociedade iraquí.

Ao pouco tempo, trasladámonos a vivir a Kirkuk. Primeiro instalámonos como invitados de Jemaa nun dos seus luxosos pisos. Máis tarde, o meu pai adquiriu unha casa axardinada no barrio Al-Iktimal, no que vivían sobre todo propietarios de grandes negocios e altos executivos. En Kirkuk realicei os meus estudos de Secundaria e, en outono de 2005, matriculeime no Preparatorio para a Universidade na rama científico-técnica, con vistas a cursar a carreira que elixira tempo

atrás, Arquitectura. O meu colexio achábase nunha área de utilidade educativa compartindo espazo con centros de Formación Superior, polo que era fácil relacionarse con alumnos de maior idade. En Kirkuk, coma no resto do país, os edificios escolares e o sistema educativo no seu conxunto, que en tempos foran un modelo no mundo árabe, quedaron salvaxemente degradados tras a guerra polo abandono do novo goberno. Con todo, puideron coñecer novos amigos e amigas cos que madurei no medio da adversidade, unidos nunha actividade intelectual que nos permitía analizar a situación política e a marcha da nosa sociedade e da que foron emerxendo ideas e reflexións que me enriquecían e, sobre todo, me axudaban a soportar a carga dunha existencia baleira dentro do luxo da miña casa de nova rica.

Todo iso serviu tamén para achegarme máis ao meu verdadeiro amor, Khaled ben Sayiam. Un ano e medio maior ca min, fora un dos meus mellores amigos no tempo da infancia nas preciosas e afastadas abas do Lemikush, onde se asentaba a aldea de Quissa Hani; chegados á adolescencia, xurdira entre nós unha firme atracción, aínda que, como é propio das idades novas, tímida e nunca confesada. Eu amaba a Khaled e sabía que Khaled me amaba. Pero os acontecementos separáronnos. Os meus pais arrastráronme lonxe das nosas vellas montañas e lonxe del e prometéronme en matrimonio a unha persoa á que non coñecía. O meu amigo, obrigado polas súas circunstancias persoais, tamén emprendera unha viaxe heroica a través de todo o Iraq para tratar de recuperar o seu pai, desaparecido nas refregas do combate, e nesa viaxe vírase

empurrado a cometer un acto de agresión contra o exército norteamericano, o que o obrigou a refuxiarse no anonimato e desaparecer da vida pública. Pero antes de esvaecerse por completo, veu vivir un tempo a Kirkuk de forma clandestina. Chegou no seu cabalo Ahu al-Rih co propósito de convencerme para que me fose con el. Quería levar a cabo o seu soño como home adulto que forxaba unha vida lonxe da familia, consistente en montar en calquera aldea perdida unha granxa de cría de cabalos. Khaled desexaba que fose vivir con el e pediumo reiteradamente. Eu, indecisa, tiven que poñer nun prato da balanza o amor natural que daquela profesaba á miña familia, certo respecto soterrado polo compromiso que adquirira o meu pai sobre o meu matrimonio, o desexo visceral de cursar a miña carreira de Arquitectura e a ligazón coas novas amizades que me permitían desenvolver coñecementos e sensacións no espertar á madurez; e no outro prato, o desexo de vivir con Khaled mais a escuridade da vida que me ofrecía, arredada do mundo, na súa granxa de cabalos. Renunciei a seguilo. E a finais de agosto de 2003, montou no seu cabalo e abandonou Kirkuk. Apesaroume tanto velo marchar que botei moitos días chorando encerrada na casa.

A partir de aí, somerxinme aínda con máis entrega na causa política co meu grupo de compañeiros progresistas. Nun principio, coa candidez propia das nosas idades novas, queríamos convencernos de que o derrubamento do réxime ditatorial que nos mantivera sometidos durante décadas nos daba a oportunidade de iniciar unha nova vida. Todos sufrimos perdas

dolorosas, tanto entre os nosos achegados coma no ámbito persoal e vivencial, mais tamén eramos capaces de enxergar a oportunidade de podermos organizar nós mesmos un novo futuro para o noso querido país. Ora ben, conforme pasaba o tempo e as realidades se ían asentando, empezamos a ver claro que o cambio de réxime non trouxera a liberdade nin a xustiza, senón un novo sometemento a tiranías aínda máis terribéis ca a de Saddam, pois se este nos reducía a unha obediencia cega ás leis que el ditaba, o réxime actual dominábanos coa incerteza derivada da ausencia de leis e o terror da loita desapiadada entre faccións que aspiraban ao poder sen o menor respecto pola vida humana. Andando o tempo, a frustración pola imposibilidade de modificar o rumbo da nosa sociedade, xunto con certas circunstancias que se estaban a dar na miña vida, leváronme a un afastamento progresivo do grupo para caer na cerrazón dunha soidade desencantada e melancólica.

Un momento especialmente amargo foi o mes de febreiro de 2005, cando os meus pais se divorciaron. A miña nai, Taghrid Radwan, aínda que nun principio participaba activamente na trasfega mercantilista do meu pai e dera a súa aprobación ao meu compromiso matrimonial, non tardou en abrir os ollos á mesquindade que se ocultaba detrás dos luxos e o boato social en que acababa de instalarse. Comprende que os beneficios duns implicaban a desgraza doutros e que o diñeiro que se lle ofrecía agora viña manchado de dor e sangue e que non era posíbel acceder ao poder sen traizoar principios que

noutro tempo foran sagrados. E ela, unha orgullosa montañesa do Lemikush pertencente á etnia koblai, non se sentía capaz de pasar por iso. Nalgún momento, desencadeouse entre ambos unha loita que se foi agudizando por razóns do máis variado e que acabou por levarlos ao divorcio. A gota que colmou o vaso foi que Taghrid ameazou o marido con denunciálo no xulgado se persistía en obstaculizar os contratos dos pequenos empresarios locais que suplicaban a súa intermediación cos grandes promotores. Dimas Ber, na súa inmensa cobiza, non quería renunciar ás gratificacións que lle pagaban baixo man os subministradores estranxeiros, polo que, doído polo que consideraba unha traizón aos seus intereses, artellou cuns rufiáns unha celada ominosa que permitiu que a súa muller fose acusada publicamente de adulterio. A continuación, solicitou o divorcio e a patria potestade sobre os seus catro fillos, coa prohibición expresa de que mantivésemos o menor contacto con ela. E aínda se atreveu a engadir, con palabras sañudas, que Taghrid tivera sorte de que no Iraq non se aplicase a sharía, que podería levala á morte por tal delito. A mamá tivo que marchar de Kirkuk apuradamente baixo o oprobio e a vergoña, e nós quedamos completamente sometidos á tutela paterna. Aínda que tiña outros motivos, este foi o máis grave polo que xurei un odio eterno a Dimas Ber.

Foi a comezos de 2006, faltando apenas uns meses para a miña voda, cando empecei a tomar conciencia do verdadeiro significado da decisión adoptada por outros sobre a miña vida. Madurara como persoa e como

muller e sentía que a obriga de unir o meu futuro ao dun home ao que non amaba en absoluto me aterrorizaba case tanto como a violencia das rúas. Era certo que o meu prometido, Jemaa Lefta, se me revelara desde o momento en que o coñecín como unha boa persoa, e sempre se soubera mostrar atento comigo. Tiña daquela corenta e un anos e era un varón ben parecido, dentro da súa idade, de modos refinados e mirada intelixente. Vivira bastante tempo en Europa, fuxindo da persecución de Saddam; ademais de formarse en Economía e Dereito, Jemaa presumía de ter asimilado o talante aberto dos occidentais e de compartir algúns aspectos da súa cultura. Por exemplo, era consciente de que a diferenza de idade facía difícil que a atracción xurdise entre nós espontaneamente, e aseguraba que nunca aceptaría un matrimonio no que os esposos non se amasen.

—Pero ti chegarás a amarme, seino. Porque estás destinada a ser a miña esposa, é o desexo de El-Señor. Sóbeno desde o primeiro momento en que te vin. Ti non te lembrarás —confesoume un día ante a miña expresión de estrañeza—, pero coñezote desde que eras unha meniña. Ocorreu no inverno do noventa e sete. Eu fora visitar o teu pai cando era alcalde de Qhissa Hanni; naquela época, uns compañeiros e mais eu tratábamose de crear unha coalición de alcaldes contra a tiranía de Saddam, e a min tocóme percorrer as aldeas do Lemikush. Falaba co teu pai, un home que se amosou como un verdadeiro patriota e un progresista, cando apareciches ti para lle ensinar con orgullo as cualificacións que che puxera o mestre na escola. Naquel momento, aínda que só eras unha cativa, podo dicir

que vin en ti algo especial, como un resplandor, que me conmoveu profundamente. Desde entón, mantiven unha relación de amizade co teu pai, o que nos levou ao cabo do tempo a facernos socios. Un día, Dimas, que non vía con bos ollos a anarquía amorosa da miña solteiría, amosoume a túa foto de adolescente e, como selo desa amizade, ofreceume a túa man. Entón volvemente á mente aquela emoción de cando te vin de nena, e comprendín que todo fora un sinal de Allah que me indicaba que debía tomarte como esposa. Así é, Amrah. Estás sorprendida, verdade? Os camiños de El-Señor son confusos, pero sempre conducen ao mellor destino. Loado sexa o seu nome.

Eu díxenlle que cría que a tradición dos matrimonios concertados non era moi acorde co pouso de educación europea do que presumía, ao que el argüíu que, aínda que admiraba fondamente a súa cultura, el non era europeo, senón iraquí e musulmán, e que entre os nosos costumes figuraba aquel que lle daba a oportunidade de intentar que a súa elixida o amase e desexase ser a nai dos seus fillos. Por outro lado, engadía, non había que pensar só no amor, pois se a saúde da alma era importante, non o era menos a do corpo, e para unha muller de Kirkuk, poucos destinos se podían comparar ao de ser a esposa do presidente da empresa Al-Miná, xuíz de gobernación e probabelmente futuro gobernador de At Tamim.

Unha vez que empezamos a frecuentarnos, dado que non parecía haber motivos para que o aborrecese cruamente, aceptei sen reservas a súa proposta de que probásemos a coñecernos ben e a procurar a ocasión

de que o amor se manifestase. Eu estaba convencida de que iso non sucedería, e como naquel momento a data da voda me parecía moi afastada, contaba con ter tempo abondo para aclarar as ideas e conseguir que os meus proxenitores cedesen na súa obstinación.

Mais, unha vez que o tempo pasou e se achegaba o día sinalado, empezou a medrar en min unha especie de terror que me empantanaba e me amargaba cada día máis. Os reiterados intentos por facer que Dimas Ber rompese o compromiso acabaran sempre no fracaso, ata chegou a ameazarme con pecharme na casa durante toda a miña mocidade se me negaba a obedecelo. Resultaba irritante reconecer que esta situación, que se tiña por normal noutros países musulmáns, no Iraq da época de Saddam xamais chegaría a producirse, pois os dereitos que os pais tiñan sobre os fillos non incluían obrigas dese teor. Porén, agora, o ascenso dos xiítas no goberno de Bagdad trouxera novos aires outorgándolles prerrogativas como a de dispoñer da miña vida ao seu antollo.

Debo dicir que na miña negativa contaba co apoio firme das miñas irmás pequenas, Nadjia e Saali, que consideraban a Jemaa un home demasiado vello para min, e tamén me sentía respaldada polo maior, Eddar, aínda que se cadra máis timidamente.

—Só é un egoísta vaidoso —bradaba unha exaltada Nadjia—, a min non me engana con esa expresión encantadora con que se adorna.

Eddar, necesitado de razóns máis sólidas que non contrariasen a educación recibida, opinaba que a posición económica desafogada da nosa familia debería permitir que as rapazas vivisen libres desas ataduras;

aínda así, admitía que debía prevalecer a decisión do cabeza de familia.

Máis valente, a miña nai, despois dunha etapa en que dera por boas todas as decisións tomadas polo marido, cando xa a súa relación empezaba a facer augas, suxerira máis dunha vez a necesidade de revisar ese acordo, en vista de que eu non manifestaba o menor desexo de seguir adiante.

De aí derivou, precisamente, un dos altercados máis virulentos que mantiveron, no que Dimas Ber chegou a ameazala con pegarlle. A discusión comezara cando Jemaa nos fixo coñecer o seu desexo de que abandonase a idea de entrar na Universidade: en canto casase, debería centrarme na atención ao fogar e ao marido. Eu calei diante del, mais na casa protestei airadamente.

—Pero filla —chanceou o meu pai—, e para que queres unha carreira, se coa vida que te espera non terás que traballar nunca? Serás unha especie de sultana, co teu propio palacio, os teus criados, os teus coches, as túas xoias, e tarxetas de crédito que non se esgotarán nunca. Vamos, esquécete de estudar unha carreira; iso é para coitados que non teñen outra maneira de gañaren o sustento de cada día.

—Pero é a miña paixón —contestei—, desexo ser arquitecta, e estoume esforzando moito por entrar na Universidade. Ninguén me advertiu nunca de que non podería comezar a carreira.

—Non hai volta atrás. O teu futuro esposo tomou a decisión e debes respectala.

Entón, Taghrid interveu ao meu favor, como viña facendo ultimamente:

—Creo que Amrah ten razón. É unha estudante moi boa e a min gustaríame que acadase un título universitario. Sería unha honra para nós, que provimos de familias humildes. Deberías convencer a Jemaa de que cambie de opinión.

—Dixen que a decisión está tomada. E ti, muller, non te entremetas nos meus asuntos.

—Dimas, a nosa filla non é un asunto teu, é un asunto dos dous. E tamén dela mesma, que xa é maior.

—Advírtocho: marcáreche a cara co cinto se volves insistir.

Desde a marcha da miña nai quedei sen ese apoio crucial e só contaba coa miña firmeza e un odio extremo cara ao meu pai a medrar día a día. Mais non era suficiente para deter o que se aveciñaba, necesitaría algún argumento máis consistente que me permitise librame dun destino tan absurdo.

Entón, busquei a Khaled. A compañía do meu amigo e a dedicación á cría de cabalos, de súpeto, parecéronme un futuro moito máis grato ca todas as riquezas e privilexios que se me ofrecían en Kirkuk. Seguía amándoo, a pesar das diversas distancias que nos afastaban, e non esperaba que el deixase de amarme a min. E aínda que me sentía avergoñada por negarme a acompañalo cando me veu buscar, estaba convencida de que me abriría os seus brazos e me deixaría quedar ao seu lado.

Mais Khaled non era bo de atopar. Convencido de que os americanos o buscarían por ser capaz de enfrontarse ao seu sofisticado exército, esforzárase en non deixar rastro entre os seus coñecidos. Supuxen que os familiares máis directos, a súa madrastra

e quizais o seu curmán Eimel, serían os únicos que coñecerían o seu paradoiro. Daquela, aproveitando unha viaxe que fixo o meu pai a Qhissa Hanni para vender os últimos terreos que lle quedaban e arredarse definitivamente do seu pasado campesiño, acheguei-me á casa da súa familia. Deume moita mágoa o seu avó, o venerábel Hadrás, afundido nun poio na soleira da porta e case cego. Entre os mortos polas balas e as enfermidades, a súa familia desfixérase durante a guerra e agora só ficaban el e unha afanosa Zulaid, a madrastra de Khaled, que criaba en solitario o fillo que o seu marido lle deixara no ventre meses antes de morrer. Zulaid aseguroume non coñecer o paradoiro de Khaled; entón acudín a Eimel, ao que encontrei convertido nun grande aínda que sempre inocente mozo. O primeiro que me fixo saber era que andaba en tratos co vello taberneiro da aldea para facerse cargo do seu negocio a cambio dun arrendamento mensual, así cumpriríase o soño da súa vida: servirles aos paisanos bebidas e tés, e pasar as horas mortas xogando ás cartas baixo o emparrado e ollando ao lonxe os cumios do Lemikush.

Eimel resistíase a dicirme nada sobre Khaled, mais eu adiviñaba que sabía del porque, ao mesmo tempo, non podía disimular as ganas de confesarse comigo.

—Khaled non desexa verte. Está moi triste, só vas conseguir facerlle dano.

—Por que me dis iso?

—El sabe que vas casar. Sábeo desde que marchastes de Quissa Hanni.

—Non é pola miña vontade.

—Tamén o sabe, mais iso non cambia as cousas. Coido que non debes achegarte a el. Trata de construír a súa vida sen ti.

—Gustaríame que mo dixese persoalmente.

—Se che digo onde está, non mo vai perdoar na vida. Quero o meu curmán, non podo facerlle iso. Por que non tratas de esquecerlo? O voso xa non ten remedio, déixao así.

Eimel tamén me amara, dentro das nosas brincadeiras xuvenís. Pero duráralle pouco, ata que entendeu o carácter da paixón de Khaled.

—Eu tamén che gustaba a ti, non é certo, Eimel? Nunca mo dixeches.

—Eh? Como sabes iso? Non é certo, eu...

—As rapazas sabemos esas cousas.

—Gustábasnos a todos. Eras moi guapa.

—De veras?

—Aínda que algo presumida. Demasiado presumida. E resabida. As mulleres deben ser máis recatadas.

—... Eu non desexo casar con Jemaa Lefta, quen me dera evitalo. Eimel, tes que entendela, non trato de facerlle dano a Khaled, pero quero que saiba que aínda o amo, e que, se tamén me ama, fuxirei con el a onde sexa.

—El xa foxe, desde hai tres anos está a fuxir. Dos inimigos. E de ti.

Finalmente, díxomo. Khaled ben Sayiam mudara o seu nome polo de Sarif al-Awal ben Gaisha; conseguira documentos falsos e retirárase a vivir unha vida modesta de granxeiro nas proximidades de Maskiwa, a uns corenta quilómetros de Kirkuk. Non marchara

moi lonxe, e quixen pensar que o facía por manterse preto de min, por esperar a que un día cambiase de opinión e o buscasse. Iso deume confianza.

Unha vez de regreso en Kirkuk, púxenme ao volante do Mercedes deportivo que o meu pai me deixaba usar ás veces e dirixinme resoltamente a Maskiwa.

O reencontro con Khaled foi moi emotivo, tanto que apenas soubemos dicirnos unhas palabras de saúdo. Abriu o enreixado para que gardase o coche e conducíume á súa casa. Alí, á calor do lume que ardía sobre unha lousa de pedra, quedamos un bo anaco mirándonos.

O meu amigo estaba cambiado. Se a aventura de atravesar aos quince anos un país en guerra con só catro tarecos nunha taleiga, coas peripecias que tivera que pasar, os medos, as emocións, os horrores e talvez os gozos, lle endurecera o carácter, agora, a necesidade de enfrontarse á vida sen a menor axuda, xunto cos cambios operados no seu corpo co paso á idade adulta, fixeran del un home completo, forte e seguro, e moi fermoso, cos seus ollos profundos e os cabelos rizados por debaixo do turbante. Quizais o único que non mudara nel era a afabilidade da súa expresión e o encanto do seu sorriso, sempre disposto.

Ao cabo, volveron as palabras.

—Amrah, que fas aquí? Como chegaches? Por que...?

—... E a túa teima de facer preguntas. Niso tam pouco cambiaches: sempre preguntando. Khaled, meu Khaled.

—Sexas benvida, Amrah.

—Custoume atoparte.

—A min custoume máis non buscarte.

—De veras? Mais... eu diría que me esperabas.

—Manteño un contacto esporádico con Eimel a través do teléfono móbil. Son pobre, pero dispoño dun teléfono móbil. Advertiume de que virías. Nunca pensei que o darías convencido para que che descubrise o meu enderezo.

—Non foi doado. É máis amigo teu ca meu.

—Amrah, tes o permiso do teu prometido para estares aquí comigo?

Burlábase con certa amargura. Esa saída de ton non era propia do seu carácter.

—Vexo que alcanzaches o teu soño. A túa granxa de cabalos.

—Aínda non, só teño sete eguas e dous machos. Entre novembro e febreiro nacerán catro poldros. Custoume arrancar, tiven que traballar un tempo de xornaleiro para xuntar cartos.

—Aínda conservas a Ahu al-Rih?

—Por suposto, é a miña montura persoal.

—Un día escribiches que me irías buscar montado en Ahu al-Rih, e que me levarías lonxe, «onde a montaña se encontra co mar e hai praias de area dourada e liberdade para camiñar por elas».

—Era novo. Estaba namorado.

—Xa non o estás?

—Xa non son novo.

—Mentirán.

—Ademais... coñecín unha rapaza. Vive preto de aquí, os seus pais cultivan millo e verduras. Saio con

ela, visito a súa casa, vou á taberna cos seus irmáns. Cando teña o meu negocio un pouco máis asentado, casaremos. Quéroa.

—De veras? Como se chama?

—...

Observábao fixamente. El desviaba os ollos. Musitei:

—Segues mentindo. Khaled, non necesitas afastarme de ti, eu...

—É mellor que marches. Enténdeo, é o mellor, tamén para ti.

—Non digas iso, vin pedirche que me perdoases. O que quero é ficar contigo para sempre.

—Por favor...

Os meus brazos rodeárono. Estabamos sentados nuns coxíns sobre unhas mantas fronte ao lume, o único mobiliario da súa casopa de campesiño. A resistencia de Khaled cedeu e pasou a converterse nun abrazo enérxico que me achegaba máis e máis ao seu corazón. As nosas roupas espárexéronse polo chan ao tempo que os corpos se mesturaban e se embriagaban de caricias, de bicos, de palabras fermosas nadas do amor e o desexo.

Durmimos alí mesmo, sobre as manchas vermellas que tinxiron os coxíns e as mantas, abrazados como un único ser.

Cando espertei, Khaled non estaba ao meu lado. Acheino nas cortes, dándolles de comer aos animais. Achegueime por detrás e abraceino polo van. El volveuse. Separoume con dozura, pero tamén con firmeza, e dixo:

—Chámase Dunia Wahhab, ten dezasete anos, é perruqueira en Maskiwa. Xa nos deitamos. Casarei con ela.

Eu fiquei desconcertada. Agora non parecía mentir, mais non era iso o que me preocupaba, senón a frialdade que aparentaba. Non parecía o mesmo Khaled que me agarimara a carón do lume durante a noite.

—Queres que me vaia?

—Debes irte. Cometemos un erro, agora non chegarás virxe ao matrimonio, e iso pode ser fatal para ti. Perdóame.

—Que te perdoe? É todo o que se che ocorre?

—Pero podes arranxalo. O teu pai ten moito diñeiro, poderá facer que volvas ser virxe.

—Khaled, por que me fas isto? Crin que me amabas...

—E ámote. Pero iso non cambia nada. Por favor, vaite. Vaite.

Acompañoume ata o coche. Levaba a man nas miñas costas e empurrábame coa mesma mestura de afabilidade e firmeza coa que me tratara desde o noso cru espertar. Eu intentaba dexergar por que me botaba definitivamente da súa vida, por que despois de recoñecer que me amaba, despois de compartirmos horas íntimas tan intensas como ningún dos dous volvería vivir nunca, aínda así me chimpaba lonxe. E crin comprendelo. Khaled non pensaba que puidésemos ter un futuro xuntos. Os problemas de cada un eran tan grandes e asemade tan distintos nun mundo decididamente adverso que non existía a posibilidade dun paraíso que puidésemos compartir para illármonos

daquel marasmo; pero quizais por separado o conseguísemos, ou conseguísemos o engano de que alcanzabamos algunha cota de felicidade. Afastábame da súa vida porque estaba convencido de que era o mellor xeito de demostrarme o seu amor.

—Assalam Alaykum, Khaled.

—Alaykum Assalam, Amrah.

Mentres rodaba pola pista de xabre, trataba de velo polo espello retrovisor, mais a súa figura confundíase entre as fileiras de chopos, do mesmo xeito que os seus bicos e o seu sorriso se perdían irremediabelmente no caos dos meus pensamentos contraditorios.